

Educando

en

Igualdade



Pequeno dicionario
coeducativo para nenos
e nenas

Guía para Primaria. Pequeno dicionario coeducativo para nenos e nenas de Primaria

Autoras

FETE-UGT

Coa colaboración do Instituto da Muller

Baseado nos textos de:

Coeducación: dous sexos nun só mundo

Graciela Hernández Morales

M^a Jesús Cerviño Saavedra

ITE (Ministerio de Educación)

Instituto da Muller (Ministerio de Igualdade)

Madrid, 2009

Ilustracións: Mónica Carretero

Tradución: Antonio F. Álvarez Cisneros


Coordinación da Edición: Sendra Ros Escanez

Índice

1. Avoa	4
2. Conciliación	5
3. Contos. Contos que contan. Contan os contos	7
4. Coidar, coidarte, coidarnos	8
5. Dereitos dos nenos e das nenas	9
6. Desigualdade	11
7. Diferenza	12
8. Diversidade	13
9. Educación	14
10. Identidade	16
11. Igualdade	17
12. Xogar e xoguetes	18
13. A saca	20
14. Linguaxe	22
15. Participación	23
16. Paz	24
17. Solidariedade	25
18. Traballos	26

1. Avoa

Sabe como facerte sorrir cando estás triste. Coñece historias sorprendentes que te conta cando te vas durmir. Camiña devagar cando te vai buscar ao colexio. Sabe escoitar cando tes problemas. Prepara o teu prato preferido cando vas visitala. Coñece o mellor remedio para o arrefriado ou a dor de tripa, e nunca, nunca, se esquece do teu aniversario. Garda os segredos e cose os disfraces para o carnaval. Ela está sempre que a necesitas e é feliz cando sodes cómplices da vida.

 **Actividade:** Seguro que sabes o que leva a túa avoa no bolso, podes debuxalo?




2. Conciliación

A vida é a suma de moitas cousas e todas son fundamentais para ser felices. Hai anos, case todas as mulleres traballaban dentro de casa e ocupábanse de que toda a familia tivese todo o que necesitaba para estar ben. Mentres, os homes íanse cedo aos seus traballos na fábrica, a oficina, o xornal, a mina...

Elas non tiñan a oportunidade de vivir o que acontece no mundo do traballo. Eles perdíanse esa parte tan importante da vida, que transcorre no fogar. Hoxe os homes e as mulleres compartimos a vida do traballo e a vida do fogar.

E ademais, deixamos unha parte para esas cousas que tamén nos fan felices, como pasear polo parque, estar coas persoas que queremos, ler un libro, ir ao teatro, ler un conto ou estar tranquilamente a soas. A isto chamámolo conciliar, é dicir, ter tempo para vivir todas as facetas. Para que todas e todos podamos conciliar é necesario que repartamos as obrigas.



 **Actividade:** Seguro que cando pensas en como serás de maior, imaxínaste onde vivirás, con quen, en que traballarás...

Coloca a palma da túa man sobre un folio en branco. Co rotulador, debuxa o contorno dos teus dedos. Agora debuxa as liñas que ves na man; cada unha destas liñas é como un camiño da vida. Imaxínate onde te levarán dentro duns anos. Sobre cada liña escribe:


- Onde traballarás.
- Como pasarás o tempo libre.
- Con quen vivirás.
- Se terás fillos ou fillas. Cantos?
- Que tarefas realizarás na casa.
- A que lugares viaxarás.

Lembra que a vida ten moitas portas,
unhas levan o colexio, outras ás
persoas que queremos, outras
a xogar, a estudar... E todas poden
compartirse dende a igualdade ”

3. Contos. Contos que contan. Contan os contos

Contan por aí que ás princesas lles pesa a coroa e abúrense todo o día esperando na ventá a que veñan a rescatalas. Aos príncipes gustaríalles poder chorar cando se cravan os pinchos do camiño ou cando teñen medo pola noite. As bruxas están fartas de que confundan a marmelada de amorodo cunha apócema para que che saian espullas. Os aventureiros necesitan darse un bo baño, cambiarse os calzóns e comer quente diante dun lume. Carapuchiña xa aprendeu todos os camiños para escapar do lobo, que anda bastante desanimado por unha indigestión. Que está pasando?

Non é que ás nosas amigas e amigos dos contos non lles divirta ter aventuras, é que queren vivir todas as posibilidades sen ter freo por ser pequena ou rapaz! Correr polas montañas, voar a lombos dun dragón, subir ás estrelas, namorarse, plantar feixóns máxicos, coidar as sete cabritiñas, facer maxia e atopar tesouros... E moito mellor se rapazas e rapaces compartimos a historia, porque así seguro que conseguiremos todo o que nos propoñamos!

 **Actividade:** Cambia os contos para que as e os protagonistas vivan outras historias.

Por exemplo, Cincenta espertouse e decidiu escalar a montaña máis alta do mundo...


- Carapuchiña vermella... E o lobo...
- Os tres porquiños...
- O príncipe Valente encontrouse cunha amiga e decidiu...
- Brancaneves... e entón díxolle o príncipe...
- Garabanciño foi á compra co seu pai e no camiño...




4 Coidar, coidarte, coidarnos

Cando nacemos necesitamos recibir todo tipo de coidados. Aliméntannos, bañan, pasean, cantan. Axúdannos a durmir, vixíannos cando enfermamos e méxennos nos brazos para que sintamos canto nos queren. A medida que imos crecendo, aprendemos a coidarnos cada vez de forma máis autónoma. Preocupámonos por escoitar o que necesita o noso corpo, a cabeza e o corazón. Aprendemos a lavarnos os dentes, a vestirmos, a organizar os deberes e a ordenar os xoguetes.

Séntanos ben coidarnos. Séntanos ben que nos coiden. E séntanos ben coidar as persoas que queremos e coas que convivimos. Pensar no que necesitan, no que lles fai felices ou dicilos, sinxelamente, que nos importan cando vemos que están tristes é unha das leccións máis importantes da vida.

 **Actividade:** Observa esta caixa. Pensa nunha persoa que che coida e se preocupa por ti. Agora pensa nun regalo e debúxao dentro da caixa.



5. Dereitos dos nenos e das nenas

¿Sabes que son os dereitos? Todas as persoas, mulleres ou homes, grandes ou pequenos, dun país ou outro, de calquera cor, con linguas diversas, con distintas capacidades, con diferentes maneiras de pensar, ou de querer, temos os mesmos dereitos, por que? Porque somos seres humanos e polo tanto gozamos de dereitos que ninguén, absolutamente ninguén, pode quitarnos, danar ou ignorar.

As nenas e os nenos temos dereitos feitos á nosa medida e son tan importantes que para que fosen respectados en calquera sitio do mundo, os Gobiernos reuníronse en novembro de 1989 e asinaron un importante documento no que se comprometían a protexelos e facer todo o posible para que cumprísense. Queres coñecer algúns destes dereitos?

- As nenas e os nenos temos dereito á igualdade na escola, na casa, no barrio...
- As nenas e os nenos temos dereito a recibir unha educación de calidade que fálenos da participación das mulleres na historia, na medicina, en a arte...
- As nenas e os nenos temos dereito a xogar, a practicar deportes ou a vestirmos libremente sen que nos impoñan que debemos facer por ser nenas ou nenos.
- As nenas e os nenos temos dereito a vivir en paz e sen violencia.
- As nenas e os nenos podemos soñar co que seremos de maiores, porque non hai profesións máis indicadas para as nenas ou para os nenos.
- As nenas e os nenos podemos expresarnos e actuar con liberdade sen sentir que hai formas máis axeitadas para as nenas ou para os nenos.
- Ás nenas e aos nenos gústanos que nos nomeen e nos recoñezan no linguaxe.
- As nenas e os nenos queremos aprender a coidarnos e a coidar outras persoas, porque é importante para a vida.



- As nenas e os nenos temos dereito a expresar as nosas opinións e a que se nos escoite.
- As nenas e os nenos temos dereito a participar para que o mundo sexa cada día un pouco mellor.

Recorda que as nenas e os nenos temos os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.

 **Actividade:** *Escribe catro cousas que che gustan de ser nena ou de ser neno e que te fan diferente.*

Eu son diferente porque...

1.
2.
3.
4.

Agora pensa en catro dereitos que nos fan iguais ás nenas e aos nenos.


Por exemplo, as nenas e os nenos temos dereito a ir á escola.

1.
2.
3.
4.

Suma as oito ideas e explica coas túas palabras que quere dicir ser iguais e á vez ser diferentes.

6. Desigualdade

É unha palabra bastante antipática e é mellor que estea ben lonxe. Non nos queda máis remedio que coñecela para non a confundir coa diferenza. Ser diferente non quere dicir que sexamos “desiguais”. A diferenza é algo positivo que nos axuda a ser máis libres. En cambio, a desigualdade é algo inxusto porque significa que non se respectan os nosos dereitos. Por exemplo, cando a unha nena non se lle escoita en clase porque é máis tranquila; ela é diferente, pero ten este dereito a ser escoitada. A desigualdade ten outra compañeira moi desagradable que se chama discriminación. Dicimos que hai discriminación cando, polo feito de ser nena ou de ser neno, non podemos facer certas cousas. Por exemplo, cando no colexio as nenas non poden utilizar o patio para xogar tranquilamente, porque está todo ocupado polo fútbol, séntense discriminadas. Ou cando un neno non pode xogar ás familias porque din que non é de rapaces.

 **Actividade:** Mira estas dúas escenas. Que está acontecendo? Escribe o que din en cada unha delas.




7. Diferenza

Esta palabra anda voando por aquí e quere saudarvos. Trátase da palabra **diferenza**. Moitas veces a encontraredes da man da igualdade, e isto é porque teñen que ver algo. O feito de que nenas e nenos sexamos iguais non quere dicir que sexamos idénticos, somos diferentes! Sabes moi ben como te sentes, exprésaste e te comportas sendo unha nena ou sendo un neno, verdade? Isto ten que ver coa diferenza sexual feminina e masculina. Tamén sabes o que te diferencia doutros nenos e outras nenas que ten que ver cos aspectos da vida, como o sitio onde naces, o diñeiro, a cultura, as relixións e moitas cousas máis. Imaxinádesvos que aburrido sería se nos comportásemos do mesmo xeito?, se falásemos co mesmo ton?, se xogásemos a un único xogo?, se pensásemos de forma idéntica?, se quixésemos da mesma forma?, se tivésemos os mesmos sonos?

Tes dereito a ser como ti queiras ser. Polo feito de ser nena ou neno non te tes que comportar dunha forma determinada. Cada unha e cada un somos moi diferentes en todo! Na forma de falar, de movernos, de pensar, de xogar, de vestirnos, ata de compórtanos coas amigas e cos amigos. Seguro que moitas veces escoitastes frases como, por exemplo:

- Os nenos non choran.
- As nenas non soben ás árbores, que é cousa de “peruchóns”.
- Os nenos non poden xogar ás casiñas, que é cousa de nenas.
- As nenas non saben utilizar os ordenadores.
- As nenas son máis boiñas e caladiñas.

Pois nada disto é verdade. Hai infinitas formas de ser nena e de ser neno! Non hai ninguén no mundo que sexa como ti. O feito de ser diferentes fainos persoas irrepitibles con estes dereitos, as mesmas oportunidades e os mesmos deberes.

 **Actividade:** Nun planeta moi afastado habitaban unhas estrañas criaturas que eran exactamente idénticas. Todas eran verdes e tiñan catro ollos, todas se chamaban Plof. Continúa a historia...



8. Diversidade

Non importa onde naceses, non importa a cor do teu pelo ou da túa pel, non importa se es de grande altura ou pouca, se tes os pés planos ou falas dous idiomas. Podes utilizar a man esquerda ou ser hábil coas contas; podes vir de lonxe ou vivir na casa da esquina. Podes rir ou non escoitar os sons, o realmente importante, é que es unha nena ou es un neno con dereitos, non o esquezas!

Podes ser veloz ou lenta, podes ter moitas cousas ou poucas, podes ver como un lince ou ter pouca vista como as toupas. Podes escoitar na noite como os lobos ou entender a linguaxe das mans. Podes ser hábil como as arañas ou intelixente e reflexiva como os bufos. Pode ser diferente e especial, o importante, é que serás o que ti queiras ser porque todas as nenas e os nenos temos dereito a ter unha vida, non o esquezas!

Ao longo da túa vida encontraraste con centos de persoas distintas. Dalgunhas namoraraste. Outras serán as túas amigas e amigos. Algunhas ensinarante cousas moi importantes. Algunhas regalaranche un anaqüiño da súa vida. Outras pasarán ao teu lado e non as volverás ver. Cruzaraste con nenos e nenas, todos e todas diferentes e verdadeiramente importantes. Fai que sempre se sintan respectados e queridos. Tes o deber de que se respecten os seus dereitos, non o esquezas!

Poderás chamarte Marta, Laila, Marcos, Laydi, Pepe, Liu, Wang, Takashi, Lilaj, Yuri, Gladis, Nambi, Leda, Maritza, Ahmed, Arundhati... Lo importante é que todos e todas temos os mesmos dereitos, non o esquezas!



Todas as nenas e todos os nenos do mundo somos diferentes e especiais, e todos e todas temos estes dereitos. Se alguna vez o dúbidas, levanta a vista e recorda que para min es importante ”

9. Educación

Ir á escola é unha das cousas máis importantes que nos poden suceder, porque é un lugar onde aprendemos a crecer ben por dentro e por fóra.


Na escola, as nenas e os nenos aprendemos a coñecernos, a escoitarnos, a coñecer cales son nosos intereses, a tratarnos con respecto e sen violencia, a coidarnos e a coidar das persoas que queremos, a facer as tarefas da casa... nos ensinan todo o que as mulleres fixeron ao longo da historia para que o mundo sexa un pouco mellor e porque as nenas e nenos temos os mesmos dereitos.

Recorda que aprender é:

- Sentir como creces por dentro e por fóra.
- Alimentar a curiosidade.
- Coñecer historias de mulleres e de homes.
- Manexar a miña cabeza, o meu corpo e o que sinto.
- Resolver os meus problemas sen usar a violencia.
- Aprender a compartir a vida coas nenas e cos nenos. ””





 **Actividade:** Adiviñanza: que é un paquete de ideas engurradas que levamos na cabeza? (σιδσρσσ σ).

 **Actividade:** Completa as seguintes frases...



A escola das nenas e os nenos:

- *Nenas e nenos colaboramos para...*
- *Nunca dicimos ás nenas que...*
- *Ensínannos que a igualdade é importante porque...*
- *Os nenos xogamos a...*
- *Aprendemos cousas importantes da vida como...*

A escola é un lugar máxico onde podes aprender miles de cousas interesantes. Se estudando non encontras as mulleres nos teus libros ou no que contan en clase, pregunta por elas. Xa verás que interesante! ””

10. Identidade

Cando nacemos ás nenas vístennos de rosa e aos nenos de azul. Segundo imos crescendo din-nos como se comportan os nenos ou que se espera que sexan as nenas. E isto non está ben, porque é coma se a unha árbore lle cortásemos as ramas e non o deixásemos crecer. Tes dereito a ser como ti queiras ser. Que ninguén che diga como te tes que comportar polo feito de ser nena ou de ser neno. Encontra a túa propia forma de ser, de xogar, de expresar os teus sentimentos, de vestirse ou de ser feliz. Non hai unha forma de ser nena ou unha forma de ser neno.

A Convención Internacional dos Dereitos dos Nenos e as Nenas di: “Ninguén debe ser discrimi-nado pola súa aparencia, a súa cor, a súa orixe, o seu idioma, as súas opinións ou o seu sexo”.

Lembra que tamén tes a obriga de respectar como son as nenas e os nenos cos que convives na escola, no barrio ou na casa.

 **Actividade:** E ti como es?

- O que máis me gusta de min...
- Gustaríame ser...
- O meu xogo favorito...
- Gustaríame decatarme de...
- Estou alegre se...
- Chégame a tristura cando...
- Quero ser máis...
- Enfádame que...
- Algún día poderei...
- Gústame dos rapaces que...
- Gústame das rapazas que...


 **Actividade:** Se fose un...

- Se puidese ser un animal, sería...
- Se puidese ser un vento, sería...
- Se puidese ser unha montaña, sería...
- Se puidese se un xogo, sería...
- Se puidese ser un conto, sería...



11. Igualdade

A palabra **igualdade** é bastante nova, pero importante. Non nos gusta que nos digan que non podemos facer algo porque somos unha nena ou un neno e hai cousas que non son para unhas e para outros. Ti sabes que a maioría dos seres humanos, sexamos mulleres ou homes, somos iguais en dereitos e oportunidades. Isto que nos parece normal, non o foi para as persoas que naceron nun tempo non moi afastado: as nenas non adoitaban ir á escola, había traballos que as mulleres non podían facer, aínda que se encargaban de coidar a todas as persoas da familia e de todos os labores do fogar, mesmo tiñan que pedir permiso para ir ao banco ou viaxar e era moi raro que unha muller participase en política ou puidese dedicarse á arte ou expresar as súas opinións. Como isto era completamente inxusto, as mulleres comezaron a reivindicar a igualdade de dereitos na educación, o traballo, etc. Tamén loitaron por ter dereito a que non lles fixesen dano ou a dispoñer dos seus bens. Tras moitos anos de empeño, en moitos países conseguiuase esta igualdade entre mulleres e homes. Non obstante, nalgunhas partes do mundo aínda segue sendo un sono que non se cumpriu. Mesmo, ás veces, no noso ámbito, a igualdade escápase polas fendas e, se non tes coidado, custa encontrala.

 **Actividade:** Para comprender como a igualdade se foi instalando en nosas vidas, pregunta á túa avoa a que se dedicaban a súa madre e o seu pai. Pregunta tamén á túa nai e ao teu pai de que se ocupan cada un. Agora pensa como será a túa vida cando sexas maior.



12. Xogar e xoguetes

A que vos gustan estas palabras? Cando estamos a crecer, xogar é unha parte tan importante como durmir, comer ou ir á escola. Cando xogamos a imaxinación énchese de sonos, un millón de sensacións corren pola pel y o mundo real desaparece! Cando xogamos todo pode acontecer. Podemos sentir que vivimos entre dragóns, que escalamos montañas, que nos somerxemos en augas cheas de corais ou que vencemos o peor dos perigos. E todo, porque si, porque nos fai felices experimentar, correr, saltar, enredarnos en mil aventuras, en compañía ou en soidade; todo porque si.


Se cando xogamos podemos ser todo o que soñemos, por que nos din que hai xogos para nenas e xogos para nenos? Vaia parvada, os xogos son para quen os xoga! E a maxia está en gozalos con toda a liberdade sen pensar que son de nenas ou de nenos.

O mesmo acontece cos xoguetes, todos e todas podemos xogar co que máis nos divirta. Non hai xoguetes para nenas ou xoguetes para nenos. Ás veces na televisión ou nas revistas empéñanse en facernos crer que si. Por que non demostramos que somos moito máis listos e listas e que xogamos co que nos fai felices?

Recorda que xogar é...

- Facer moitas parvadas sen ton nin son...
- Soñar cos ollos abertos...
- Compartir experiencias cos meus amigos e amigas...
- Vivir mil aventuras que imaxino...
- Algo que as persoas maiores ás veces esquecen... ”



 **Actividade:** E, entón, a que xogamos? Ao que queiras e con quen queiras. Sinala a que te gusta xogar e a que non:





A pelota	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Saltar á corda	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Imaxinar historias de aventuras	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As casiñas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Videoxogos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Escondedoiro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Bambáns	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Bonecos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Construcións	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Adiviñanzas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A inventar cousas que che pasan	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

13. A saca


Esta palabra desordenouse completamente! Hai que volver escribila coas letras no seu sitio sabes facelo? Exacto, queremos dicir CASA. Por que falamos da casa cando estamos a explicar que é a igualdade? Porque é o lugar onde transcorre unha parte importante da nosa vida.



E claro, para que sexa acolledora e nos sintamos realmente ben, hai moito traballo que facer! Comprar, varrer, lavar a roupa, pasar o ferro, preparar as camas, cambiar as lámpadas, preparar a comida, fregar os cacharros...

 **Actividade:** Para descubrir todas as cousas que facemos na nosa casa mira ben as seguintes palabras e colorea só as que sexan accións que realices na túa casa.



Tradicionalmente, as mulleres ocupábanse de todo o que había que facer na casa, o que non era moi xusto, porque todas as persoas que viven no mesmo fogar deben contribuír ao benestar, a limpeza e o coidado, e cando dicimos todos nos estamos a referir aos rapaces e ás rapazas, maiores e pequenos.

 **Actividade:** Pode ser que non poidas facer unha comida complicada ou que non te deixen utilizar o martelo, pero é importante que aprendas a ordenar, a limpar ou a prepararche as galletas co leite. Marca na casa ao lado de cada actividade que tarefas de casa fas ben e cales non tan ben.

		
Facer a miña cama		
Poñer a mesa		
Ordenar os meus xoguetes		
Colocar a miña roupa		
Ir facer recados		
Facerme un bocadillo		
Coserme un botón		
Quitar o po		
Varrer		
Ordenar a miña mochila e as cousas do colexio		


Lembra que na casa todas e todos temos que colaborar; as rapazas e os rapaces facemos igual de ben as tarefas da casa. Ter as nosas cousas ordenadas é agradable e axúdanos a sentirnos ben ””

14. Linguaxe

Sabías que todas as nenas e todos os nenos do mundo temos dereito a ter un nome? Os nomes falan de quen somos, ao distinguirmos doutras persoas. Pecha os ollos, se te digo o nome da túa mestra, a que a ves na túa cabeza? E se che digo o nome dunha nena de clase, a que podes distinguila de todas as demais? Seguro que se tes unha mascota contigo, o primeiro que fixeches, cando chegou á túa casa, foi poñelo un nome, a que si? E así, se converteu nun animal especial para ti.

E é que nomear é moi, moi importante, porque a través das palabras entendemos o mundo e vemos nos nosos pensamentos ás persoas que viven nel.

Imos facer outro experimento. Pecha os ollos de novo e pensa nun bombeiro, a quen estás a ver? Seguro que a un señor cunha manguera e un enorme sombreiro vermello. E se che digo bombeira, a que ves unha muller cun sombreiro vermello e unha manguera?, a que son diferentes? Por iso, sempre temos que nomear as nenas e os nenos, ás mestras e a os mestres, ás madre e aos pais, para que todas e todos esteamos presentes na linguaxe e nos pensamentos.

 **Actividade:** Nomea o masculino ou o feminino de cada un destes oficios:

- Bombeira
- Ministra
- Mecánico
- Médico
- Mestre
- Directora
- Pallaso


- Bombeiro
-
-
-
-
-
-



15. Participación

Tes dereito a que te escoiten e a que respecten a túa opinión. Ti sabes moi ben o que queres dicir. Coñeces o teu mundo e a resposta a moitos problemas. Tes ideas xeniais e moita imaxinación. Tes dereito a expresar o que pensas, a que te escoiten, a participar nas cousas que che importan e a que se teña en conta a túa opinión. Houbo un tempo no que as mulleres tiñan moitas dificultades para que as deixasen expresarse en espazos públicos como os xornais, o Parlamento ou a universidade. Imaxínaste o que supón que ninguén che faga caso? Encontraron outras formas para comunicarse e facerse escoitar, pero foi un camiño moi longo e custoso.

Todas e todos temos moitas cousas que achegar, por iso, aprende a escoitar as túas compañeiras e compañeiros. Non deixes que ninguén se ría das ideas doutras persoas ou lles fagan burla.


 **Actividade:** Es protagonista da túa vida e nestes anos pasaron cousas importantes. Colga unha corda de parede a parede. Colle unha presa de pinzas e colga aquelas cousas que che lembren momentos importantes da túa vida. Por exemplo, uns calcetíns de cando eras bebé, debuxos... Amósallelo ao resto da clase.



16. Paz

É moi difícil explicar que é a paz, porque non se ve, non se oe, nin sequera ten sabor, pero ti sentes cando se foi porque sentes a tristura ou o temor a que che fagan dano. A paz marcha correndo cando o respecto se foi. Todas as nenas e os nenos temos dereito a vivir en paz, por iso, se algunha vez sentes que che están a facer dano, tes que dicirillo a unha persoa maior que penses que te pode axudar. Da mesma forma, tes que aprender a relacionarte tendo coidado de non molestar, insultar ou facer dano. Ás veces, pensamos que o que facemos non ten importancia, por exemplo, cando nos burlamos das compañeiras, subímolos a faldra ou non as deixamos falar; todo iso doe e fai dano. Tamén doe que aos rapaces tranquilos non se lles acepte.

Se queremos que a paz non saia correndo temos que coidar como nos relacionamos, prestando atención ao que senten e necesitan as persoas que están a noso arredor.

 **Actividade:** *Explica como che gusta que se comporten contigo e que é o que che fai dano. Escríbeo a cada lado da raia e cóntallo ao resto da clase.*




-
-
-
-




-
-
-
-

17. Solidariedade

Houbo un tempo no que as mulleres non podían votar nin ser elixida como presidentas dun país, nin sequera podían estudar, así que se uniron para cambiar o mundo e inventaron a palabra solidariedade. A que é unha palabra preciosa? En moitos países as nenas non poden ir á escola porque teñen que quedar a coidar dos seus irmáns e irmás. Tamén hai situacións moi tristes porque as nenas e os nenos teñen que traballar dende moi pequenos, non teñen hospitais para que os curen e esquecen como se xoga. Aínda que non o creas, podemos axudar as nenas e os nenos do mundo de moitas formas, só tes que pensar e recordar que os teus dereitos deben chegar a todos os cantos do planeta.

 **Actividade:** *Non esperes máis! Hai moitas cousas que reparar no mundo! A poñerse o mandil, a coller o plumeiro, o estropallo e a traballar!*

- Regar os nenos e as nenas para que...
- Plantar escolas para que as nenas...
- Borrar as inxustizas para que...
- Varrer os insultos ás nenas para que...
- Coser o futuro para que as nenas e os nenos...


 **Actividade:** *Fai unha cadea de solidariedade. Fai unha boa acción a dúas persoas, por exemplo preparar o almorzo á túa madre ou facer un regalo secreto a unha compañeira ou a un compañeiro de clase. Esas dúas persoas terán que facer dous boas accións a outras dúas e así, a cantas persoas chegarás? Teremos unha cadea de solidariedade!*



E ti que es? Solidario?
Solitario? Solidaria?
Solitaria? ”

18. Traballos

Sañas no que traballarás cando sexas maior? Entón a palabra profesión é importante para ti. Coñeces todos os traballos? Xa sabes cal che gusta máis? O primeiro que tes que saber é que non hai traballos máis apropiados para rapazas ou para rapaces. Podemos facer aquilo que nos propoñamos sempre que nos preparemos para iso e non fagas caso se escoitas que isto non o fan as rapazas ou que non o fan os rapaces. Hai uns anos non había case rapazas pilotando avións e os rapaces non eran mestres de Infantil, pero agora sabemos que rapazas e rapaces podemos facer o mesmo.

 **Actividade:** Mira ao teu arredor e apunta que traballos coñeces e a persoa que os realiza.

- Conducir o autobús da escola
- Darnos clase
- Vender o pan
- Dirixir o tráfico
- Ensinarnos ximnasia
- Dirixir o país
- Coidar as nenas e nenos pequenos
- Apagar os lumes
- Arranxar os coches
- Construír edificios
- Viaxar á lúa
- Escribir libros

Agora pensa, hai traballos distintos para as mulleres e os homes? Razona a túa resposta.



Educando en Igualdade

Un programa realizado por FETE-UGT en colaboración co Instituto da Muller y o Ministerio de Igualdade

Por que unha campaña para educar en igualdade?

Os centros escolares, son sen dúbida, un dos espazos privilexiados para aprender a relacionarnos en igualdade. Cada día, durante varias horas, compartimos novas experiencias que nos levan a coñecernos un pouco mellor, a relacionarnos dende o recoñecemento mutuo, ou a comunicarnos dende a complicidade e a aprender cuales son os dereitos que temos como mulleres e como homes. Nesta campaña, a través das guías, os talleres e dende a páxina web www.educandoenigualdad.com, queremos axudarvos a reflexionar e investigar que significa compartir a vida en igualdade.

Onde podo ampliar os contidos da guía?

Na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde encontrarás bibliografía comentada de cada un dos temas. Tamén encontrarás outros apartados interesantes como actividades didácticas para traballar a igualdade na aula, videos, dicionario coeducativos, unha guía de linguaxe non sexista, e recursos *online*.

En que consiste a campaña Educando en Igualdade?

Para a campaña editamos cinco guías nos diferentes idiomas oficiais que se distribuirán de forma gratuíta. Ademais imos realizar talleres de formación para alumnos e alumnas das etapas de primaria e secundaria, nos centros. Para os profesores e as profesoras realizaremos cursos de coeducación. Podedes seguir a campaña a través da páxina web www.educandoenigualdad.com

E se necesito resolver dúbidas ou solicitar información?

Contades cunha asesoría sobre igualdade e educación na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde responderemos a todas as vosas preguntas e peticións. Podes consultarnos sobre os materiais da campaña no correo electrónico info@educandoenigualdad.com